



BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓN S PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2026.

EXPEDIENTE Nº 2026/E001/000002.

PRIMEIRO-. Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación da obra/servizo “PEL-CONCELLOS año 2026” nos termos establecidos na Bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2026.

SEGUNDO-. Modalidade e duración do contrato.

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Categoría profesional: Peón

Duración: 5,25 meses ou ata o 31/12/2026.

Xornada: 75% xornada. 6 horas. (8:00 – 14:00 horas)

N.º de traballadores: 3

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

O concello ao estar adherido ao Programa de Integración Laboral, realizará as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL- CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

TERCEIRO-. Retribucións

As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo: PERSOAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG, de 28 / 10 / 2002 e actualizacións posteriores do mesmo.

CUARTO-. Funcións

A obra/servizo créase ao abeiro das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2026.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as establecidas no Base 3.- Obxecto e finalidade, das citadas bases reguladoras (Bases reguladoras del programa de ayudas a la contratación de personal para la ejecución de obras y servicios municipales de los ayuntamientos de la provincia (PEL-CONCELLOS 2026), incluído en la línea 1.1 del Plan de empleo local).

QUINTO-. Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

1. Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados



- pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
2. Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
 3. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
 4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 5. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
 6. Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria.
 7. Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - b. Maiores de 45 anos.
 - c. Menores de 30 anos.
 - d. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
 - e. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
 - f. Persoas en situación de drogodependencia.
 - g. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - h. Persoas con fogar monoparental.
 - i. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - j. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - k. Persoas sen fogar.
 8. No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente.



Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data de contratación, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente. O requisito de desemprego debe cumprirse na data de inicio do proceso selectivo ou na data da convocatoria.

SEXTO: Admisión de candidatos.

O proceso selectivo realizarase mediante presentación de oferta de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee. Na oferta de emprego indicárase o posto de traballo a desempeñar e como mínimo os requisitos establecidos na base 4.2 Requisitos do persoal a contratar das Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2026.

Unha vez recibida a relación de candidatos remitidos pola Oficina de emprego, farase pública dita relación, indicando o prazo de presentación da data de presentación da solicitude de participación e da documentación a valorar no proceso selectivo, procedéndose á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

As solicitudes presentadas serán obxecto de revisión polo tribunal de selección que procederá á publicación da relación provisional de admitidos e excluídos.

Os defectos na presentación serán obxecto dunha única emenda para completar a documentación ou presentar alegacións ás listas provisionais.

Revisadas as alegacións/subsanacións a Presidencia da corporación ditará resolución coa relación definitiva de candidatos admitidos e excluídos, indicando a data de realización da proba da fase de oposición, procedéndose á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

Se as solicitudes presentadas estivesen completas e correctas, procederase directamente a publicar o decreto definitivo de admitidos e excluídos.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbera que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da probas a realizar, publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee.

SÉTIMO: Documentación a aportar.

Os candidatos remitidos pola oficina de emprego deberán aportar a seguinte documentación.

a) Obrigatoria

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.



- Documentación acreditativa de estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, entendéndose como tal a data de presentación da oferta de emprego (Tarxeta de desemprego, certificado de períodos de inscrición, ...)
- No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente.
- Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión social sinaladas no punto 7 do artigo 5 destas bases.
 - a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - b. Maiores de 45 anos.
 - c. Menores de 30 anos.
 - d. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
 - e. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
 - f. Persoas en situación de drogodependencia.
 - g. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - h. Persoas con fogar monoparental.
 - i. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - j. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - k. Persoas sen fogar.

COLECTIVO	DOCUMENTACIÓN A APORTAR
Mulleres, maiores de 45 anos e menores de 30 anos	Non se necesita aportar documentación. Autorízase á consulta.
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado e certificado de períodos de inscrición SEPE.
Persoas con discapacidade.	Non se necesita aportar documentación. Autorízase á consulta.
Outros colectivos	Informe dos servizos sociais municipais

Coa presentación da solicitude (Anexo I) autorízase ao Concello de Cee a realizar as consultas e comprobacións necesarias para verificar os datos de identidade e o certificado de discapacidade.

b) Voluntariamente

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non



presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 ptos.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

OITAVO: Tribunal Cualificador.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.



De tódalas reunións que faga o tribunal, o secretario redactará acta.

Presidente	Angelina Blanco Rial
Suplente Presidente	Rocío Hermida Cancela
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente Secretario	Francisco Javier Landeira Rial
1º Vogal	Manuel Calo Canosa
Suplente 1º Vogal	Rosa María Fernández Canosa
2º Vogal	Alberto Trillo Prado
Suplente 2º Vogal	Rosa Ana García Fernández
3º Vogal	Rosario Paz Rey
Suplente 3º Vogal	Jesús Roget Salgado

NOVENO: Probas selectivas e sistema de cualificación.

O sistema de selección será o de concurso - oposición. Valoraranse unicamente os méritos debidamente acreditados polos aspirantes en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias.

1ª Fase.- Concurso.

O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público mediante a exposición no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos parágrafos seguintes, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

Participación en programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

- 0,5 ptos. por cada programa acreditado ata un máximo de 4 puntos.

A acreditación dos cursos/programas formativos ou de integración realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade, colexios profesionais ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas, ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

2ª Fase: Oposición. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.

Proba de coñecemento práctico, obrigatoria e eliminatoria, que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias da praza.

Consistirá na realización dunha ou dúas probas prácticas que o Tribunal propondrá aos aspirantes. O Tribunal terá plena liberdade en canto á elección das tarefas para realizar en cada unha das probas prácticas, co fin de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma.

As probas prácticas, que estarán relacionadas cos labores para desempeñar do posto de traballo segundo o temario de referencia do Anexo II destas bases, serán expostas polo Tribunal inmediatamente ao comezo de cada unha delas.

A valoración máxima total do exercicio práctico é de seis puntos obténdose como a suma máxima da puntuación obtida en cada proba práctica, sendo necesario obter (entre todas as probas prácticas) un mínimo de tres puntos para superalo.

2-. Coñecemento do idioma galego. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.

Proba de coñecemento do idioma galego a realizar nun tempo máximo de 30 minutos.

A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do título acreditativo de coñecemento da lingua galega.

Ao obxecto desta proba poderá incorporarse o persoal especializado que considerara necesario o tribunal.

DECIMO: Publicidade e desenvolvemento das probas.

Os resultados das diferentes probas publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal (<https://cee.gal/es/>).

Rematadas as probas, o tribunal publicará nos termos indicados no parágrafo anterior a relación de candidatos presentados/non presentados ás mesmas con indicación das puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación. Se a proba ten carácter eliminatorio indícase se o candidato queda eliminado.

Os candidatos disporán dun prazo **de tres días hábiles** para completar a documentación ou presentar alegacións ás puntuacións das fases de oposición ou concurso, no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Revisadas as alegacións/subsanacións publicaranse as puntuacións definitivas así como a relación de candidatos propostos para contratación, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Se un aspirante rexeita a oferta de



emprego entenderase que desiste do seu dereito e procederase a seleccionar ó seguinte aspirante segundo orde de puntuación.

Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

UNDÉCIMO: Lista de reserva

Os aspirantes que non foran incluídos na relación de seleccionados/proposta de designación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poidan selo, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección o resto dos candidatos.

A inclusión na lista de reservas requirirá o consentimento expreso da persoa aspirante, que deberá ser prestado no modelo normalizado de solicitude. A falta de autorización implicará a non inclusión na lista, aínda que a persoa aspirante supere o proceso selectivo.

DUODÉCIMO. NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de **tres días hábiles** contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada da documentación aportada ó proceso.
3. No suposto de persoas discapacitadas, a condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).
6. Código IBAN dunha conta bancaria.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDO: Empate na orde de puntuación

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.–Nota da fase de oposición.
- 2.–Nota da fase de concurso.
- 3.–Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).

DÉCIMO TERCEIRO: Adaptacións para persoas con minusvalía

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

DÉCIMO CUARTO: Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

DÉCIMO QUINTO: ACLARACIÓNS

Os aspirantes deberán estar en posesión de todos aqueles requisitos esixidos nestas bases o último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar e ter dispoñibilidade deles durante toda a contratación.

Salvo que se indique expresamente nestas bases os aspirantes deberán presentar tódolos datos persoais e profesionais que poidan ser obxecto de avaliación en cada praza concreta.

So serán obxecto de puntuación aqueles méritos tanto formativos como de experiencia laboral que estean relacionados co posto de traballo obxecto do proceso de selección. Enténdese por oficiais os títulos, diplomas, certificados, etc.. emitidos pola administración pública, os da Universidades públicas e privadas oficiais, os colexios profesionais e os que non sendo emitidos por ditas entidades contan coa homologación das mesmas.

A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido por centros de formación regrada oficial, promotores incluídos nos acordos nacionais de formación continua, Administracións Públicas, organismos da administración, colexios profesionais e institucións públicas ou debidamente homologadas por estas. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

DÉCIMO SEXTO: PROTECCIÓN DE DATOS

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación.

Esta convocatoria de oferta de emprego público é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das



persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno, e o Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais.

De igual maneira, é un proceso administrativo ao cal as persoas que nel toman parte teñen dereito de acceso. Do desenvolvemento deste dereito hase de entender que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme establezan os procedementos municipais establecidos para o efecto.

Coa presentación da solicitude, o Concello de Cee poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, servizos prestados no Concello de Cee e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Cee cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Por tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. O tratamento dos datos contidos nela, está baseado no art. 6.1.c e no 6.1.e) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento” e “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos”. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados á Deputación Provincial de A Coruña e na páxina web do Concello de Cee. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Cee, no enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través do rexistro electrónico do Concello de Cee.

Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://cee.gal/es/privacidade/>

Cee, na data da sinatura dixital.

A ALCALDESA. Margarita Lamela Louzán



ANEXO I

PEÓNS

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN PEL CONCELLOS 2026	
2.- CONVOCATORIA: BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2026.	
3.- DATOS PERSOAIS:	
NOME	DNI
DOMICILIO	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

O asinante en relación ao concurso-oposición a que se refire a presente instancia declara:

- Que son certos os datos proporcionados nesta solicitude.
 - Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
 - Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado: Requisitos dos aspirantes.
- a) Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e posuír a experiencia mínima necesaria.
- b) Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - b. Maiores de 45 anos.
 - c. Menores de 30 anos.
 - d. Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano como demandantes de emprego.
 - e. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
 - f. Persoas en situación de drogo dependencia.
 - g. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - h. Persoas con fogar monoparental.
 - i. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - j. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - k. Persoas sen fogar.
- Que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

ACHEGO os seguintes documentos – base 4- (marcar os aportados):

- Anexo I de solicitude de participación no proceso selectivo.
- Documentación acreditativa de estar en situación de desemprego
- Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión social sinaladas no punto 7 do artigo 5 destas bases.
- Certificación de aptitude do Celga 1 ou superior, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Xustificantes ou diplomas de participación en programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas



Autorizo ao Concello de Cee a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor non autoriza a comunicación electrónica).

- SI
 NON

Inclusión na lista de reservas

- AUTORIZO expresamente a miña inclusión e permanencia na lista de reservas derivada deste proceso selectivo durante o seu período de vixencia.
- NON AUTORIZO a miña inclusión na lista de reservas.

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/ as lexítimos/ as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" e/ou no art. 6.1e) do RXPDP: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello.

Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: **Concello de Cee** con enderezo en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** o a través de la sede electrónica <https://sede.cee.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidad na páxina web do Concello.

Podrá consultar información adicional y detallada sobre esta actividad de tratamiento, accediendo al siguiente enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

ANEXO II

TEMARIO

TEMARIO DE REFERENCIA PARA A PROBA PRÁCTICA

- Coñecementos básicos de normas de seguridade, de hixiene no traballo.
- Identificación de ferramentas e materiais.
- Conceptos xerais de albanelería. Solado e alicatado. Encofrados e muros.
- Mantemento de edificios e mobiliario urbano. Pintura.
- Mantemento zonas verdes. Xardinería. Desbroce.